

NORMAS E HÁBITOS

Educación da Autonomía



NORMAS E HÁBITOS

Educación da Autonomía



- 1. Análise da situación. O papel dos pais.
- 2. Consecuencias no contorno escolar.
- 3. A necesidade de establecer límites e normas.
- 4. Modelos educativos adoptados.
- 5. Algunhas recomendacións ou estratexias.

1. Análise da situación : Nenos consentidos (I).



- “Nenos tiranos” (maioría fillos únicos), imponen a súa lei.
- Aprender a ser pais. Problema educativo máis que psicológico.
- Na base : Pais claudicantes, sen criterios educativos. Fillos-xoguete. Hai que saber dicir ¡NON!
- Natural entre 4-8 anos : Chamar a atención e poñer a proba os límites. Problema cando é unha actitude permanente e sen freo.
- Necesidades afectivas mal atendidas poden tratar de satisfacerse facéndose os chistosos ou con mal comportamento (buscando afecto, só consiguen molestar..)

1. Análise da situación : Nenos consentidos (e II).



- Escasa presenza dos pais no fogar, excesiva permisividade para compensar falta de dedicación, xogan a favor do ego infantil.
- Un afán dialogante a ultranza e contrario a calquera imposición, pode diluír o papel de pais para transmitir mensaxes coherentes aos fillos, e para evitar conflitos, rematan negociándoo todo e consentíndoo todo...
- Cando coinciden nais hiperprotectoras con pais formal ou fisicamente ausentes, o fillo adquire unha posición central e convértese no déspota da casa (impón horarios e gustos, programas de TV que se ven, saídas ou vacacións familiares,...)

2. Consecuencias no contorno escolar

- Conducta egocéntrica, déspota ou impulsiva, ocasiona problemas de relación social...
- Falta de hábitos de traballo e estudo...
- Dificultades de atención-concentración...
- Todo isto implica baixo rendemento académico, fracaso e insatisfacción escolar...



3. Establecer Límites e Normas



- A mellor prevención : Fixar desde o principio os límites e normas ao neno.
- Normas claras, poucas, concretas : O neno debe saber o que está ben e o que está mal do xeu comportamento, e o que se espera del.
- Normas e Límites concretos e coherentes dánlle seguridade ao neno: A mercede da súa vontade, queda nunha situación inviable para el e para os outros.
- Establecer límites claros e axeitados á capacidade do neno : a) Axúdalle a entender e integrar as normas do mundo no que vive. b) Axúdanlle a sentirse seguro. c) axúdanlle a “portarse ben”, ser “mellor persoa”, ter un bo autoconcepto e aumentar a súa autoestima.

4. Modelos Educativos

(estilos educativos adoptados polos pais)



- **Autoritario** : Control da conducta, castigos, pouca autonomía e afecto, nenos retraídos e descontentos.
- **Permisivo** : Toleran a conducta impulsiva, sancionan esporadicamente, deixan “ao seu aire”, nenos pouco maduros, inseguros, descontrolados...
- **Autoridade ou Democrático**: Firme control da conducta pero con afecto, gabando, apoiando e animando. Diálogo. Favorece a madurez psicosocial. Estilo máis **idóneo**.
 - Necesidade de ser **firmes**, constantes e coherentes.

5. Algunhas pautas para nais / pais (I)



- **Estilo educativo familiar asertivo:** Normas claras e coherentes, atención e afectividade, progresiva autonomía e responsabilización. Actitude serena e tranquila.
- **Ambiente familiar estruturado:** Organizado, sen alteracións, non esixir moito nuns aspectos e sobreprotexer noutros, límites educativos claros e consistentes, prever situacións de alto risco, poñer límites antes de que chegue o descontrol emocional, esixencias acorde coa capacidade do fillo. Horarios para estudar, cear, deitarse, levantarse, facer "deberes", saír, ver a TV,...

5. Algunhas pautas para nais / pais (II)




- **Non activar ao neno co seu comportamento:** non berrar; darlle a consigna ata dúas veces, ir a buscalo e obrigalo a facer o que se lle pediu; non darlle demasiadas ordes simultáneas; crear hábitos e rutinas (ducharse, secar o chan, levar a roupa para lavar); non razoar en exceso as demandas, razónase unha vez e pídeselle que o faga.
- **Favorecer autonomía persoal superando a sobreprotección.**

5. Algunhas pautas para nais / pais (III)



- **Crear hábitos de estudo:** rutinas de traballo, acondicionar o cuarto de estudo, adestrar para que traballe so, preparar a mochila para o día seguinte, premiar a conservación do material escolar.
- **Modelar conductas reflexivas,** facer de modelo reflexivo para o fillo. (Sen actitude crítica...)
- **Reforzar a súa autoestima:** resaltar os aspectos positivos da súa conducta, axudarlle a autoavaliála correctamente, axudarlle a aceptar as súas limitacións.
- **Amosar expectativas positivas de éxito**

5. Algunhas pautas para nais / pais (IV)



- **OS PREMIOS:** Relacionados coa conducta, algo desexado, non forzosamente caros, inmediatos canto máis pequeno sexa o neno, a atención dos demais como reforzadores (contarlles o bo que é o neno...), mellor reforzos internos e sociais máis que externos e materiais, puntos para un premio maior, a **atención** é o mellor reforzador. Reforzar o **que** e o **como** das conductas.

5. Algunhas pautas para nais / pais (V)




- **OS CASTIGOS:** Sinal para que se decate de que saltou un límite na súa conducta. Relación e proporción coa infracción, aplicados con coherencia e sistematicidade, se non surte efecto pódese premiar a conducta contraria, a humillación crea depresión e agresividade, eliminar unha actividade agradable ou "tempo fóra " poden empregarse con frecuencia, non modificar os castigos unha vez anunciados, evitar situacións perigosas, non castigar con algo irrealizable, non alterarse ao poñer o castigo

5. Algunhas pautas para nais / pais (VI)



- **Ofrécelle alternativas de resposta**, reforzar conductas alternativas.
- **Os desacordos entre os pais sobre a forma de educar, nunca se deben discutir diante dos fillos.** Non centrar a autoridade nun só dos país. Non delegar a autoridade noutro. Non desautorizarse nunca. Unificar pautas e normas entre os pais, avós e familiares que convivan...
- **Acostumalos a pedir permiso**, respectar, dialogar e contar cos demais membros da familia. Asumir responsabilidades acordes coa idade: recados, ordenar a habitación, poñer a mesa,...

5. Algunhas pautas para nais / pais (e VII)



- **Contratos ou acordos de conducta**, concretando as conductas a cambiar e as consecuencias positivas.
- **Diálogo co profesorado**, non desacreditar as pautas de actuación do centro educativo, nin aos profesores. Favorecer a actitude crítica e constructiva dos fillos.
- **Favorecer a relación con outros** nenos nun clima de responsabilidade e autonomía persoal. Axudarlles a controlar as emocións.